

A CABRIÑA, UN FENTO SINGULAR NA COMARCA DO SALNÉS

Por: Cosme D. Romay^{1,8}, Emilio Martínez-Sabarís², Carlos Boullón³, Martiño Cabana¹, Juan C. Epifanio⁴, X. Ignacio González-Martínez⁵, Miguel Martínez⁶ e Miguel Serrano⁷.

- 1 Universidade da Coruña. Grupo de Investigación en Bioloxía Evolutiva/Dpto. de Bioloxía, Facultade de Ciencias, Campus da Zapateira, s/n. 15071 A Coruña
- 2 Gondariño 13A, Vilalonga. 36990 Sanxenxo
- 3 Rúa da Mercé, 10. 15948 A Pobra do Caramiñal
- 4 Rúa Jaime Janer, 118, 3ºA. 36900 Marín
- 5 Rúa Miguel Rodríguez Bautista, 23. 15960 Ribeira
- 6 Barral 3, Sta. María de Salceda. 36470 Salceda de Caselas
- 7 Universidade de Santiago de Compostela. Departamento de Botánica, Facultade de Farmacia, Campus Sur, s/n. 15705 Santiago de Compostela
- 8 Correo electrónico: c.d.romay@udc.gal

INTRODUCCIÓN

Davallia canariensis (L.) Smith é un fento (Pteridophyta: Davalliaceae; Figura 1) de distribución ibérica e norteafricana (Marrocos, Madeira e Canarias), con presenza descontinua na faixa costeira galega, onde recibe o nome de *cabriña* (Niño, 2008). Foi incluída no apartado “Outras plantas de interese que deben ser protexidas en maior ou menor medida” en Galicia por Drtiz *et al.* (1998). Dada a súa distribución e apetencias ecolóxicas ten sido considerado un elemento relictico paleomediterráneo (Salvo-Tierra *et al.*, 2020), asociado a ambientes de bosque termófilo. A súa distribución semella ampla tanto nas Rías Baixas en xeral como na comarca do Salnés en particular, segundo o atlas de pteridófitos ibérico e balear (Moreno *et al.*, 2015) e as plataformas Anthos.es (Fundación Biodiversidad & Real Jardín Botánico, 2020) e GBIF.org (Global Biodiversity Information Facility, 2020). Así e todo, existen varias cuadrículas sen datos nesta área, algo que –a priori– puidera ser debido a unha falta de cobertura, á existencia de datos aínda non publicados ou ben á ausencia de hábitat axeitado. O presente artigo pretende: 1) sintetizar o coñecemento actual sobre a distribución de *D. canariensis* na comarca do Salnés; 2) dar a coñecer datos inéditos nun destes “baleiros” na súa distribución; e 3) aportar outras observacións en cuadrículas con presenza coñecida, pero con data posterior á considerada polo atlas de pteridófitos (decembro de 2014).

ÁREA DE ESTUDO E MÉTODOS

Considérase a comarca do Salnés (punto central aproximado en 42.503, -8.798), que comprende os seguintes concellos: Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Cambados, Ribadumia, Meis, Meaño, O Grove e Sanxenxo. A metodoloxía de traballo consistiu na revisión das citas da especie xa publicadas (revistas, plataformas online, prensa, etc.) nos concellos e/ou cuadrículas UTM de 10×10 km da comarca do Salnés, ademais da compilación de citas inéditas, tanto dos autores como de terceiros, en especial aqueles rexistros entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2020.

RESULTADOS E DISCUSIÓN

Como se recolle na Táboa 1 e na Figura 2, detectouse a presenza de cabriña en todos os concellos da comarca do Salnés, agás en Ribadumia. Para Vilanova de Arousa e A Illa de Arousa, só compiláronse citas bibliográficas.

Para dous concellos rescatáronse citas antigas pero aparentemente inéditas, as seguintes:

Vilagarcía de Arousa

Un novo rexistro:

- No Herbario SANT está depositado un prego de *D. canariensis* con materiais recolectados en Vilaxoán: Valdés Bermejo, s. n.; SANT. 66628, 1 de setembro de 1968, “en muros con *Polypodium vulgare*, *Hedera helix*, etc.” (42.589, -8.789; 0 m s. n. m.).

Constitúe o sexto rexistro para o concello.

Cambados

Un novo rexistro:

- No Herbario SANT está depositado un prego de *D. canariensis* con materiais recolectados en Fefiñáns: C. R. Dacal; SANT.37973, 6 de xullo de 1997, pazo de Fefiñáns (42.519, -8.813; 10 m s. n. m.).

Constitúe o primeiro e único rexistro para o concello.

Por último, para catro concellos houbo rexistros novos da especie:

O Grove

Dous novos rexistros:

- O 7 de abril de 2012 E. Martínez-Sabarís localiza varios exemplares de *D. canariensis* nun bolo granítico situado no Monte Siradella (42.469, -8.884). Os exemplares atópanse orientados ao sur a unha altura aproximada de 1 m do chan, ocupando unha superficie aproximada de 200 cm². A poboación está situada aproximadamente a 150 m s. n. m..

- O día 2 de xuño de 2019, durante unha prospección naturalista dunha área de eucaliptal (*Eucalyptus globulus* Labill.) parcialmente clareada pola súa proximidade ás vivendas en Concaído, Meloxo (42.489, -8.874), Cosme D. Romay atopou un individuo de cabriña. Medraba nunha aba avesía orientada ao noroeste, no trazado dun antigo valo e próxima a eucaliptos, uces (xénero *Erica* L., *Daboecia cantabrica* (Huds.) K. Koch) e brións, con afloramentos granodioríticos, a 35 m s. n. m.. Presentaba varias frondes desenvolvidas, chegando a uns 30 cm de altura sobre o chan, que partían aparentemente dun único rizoma nunha área de arredor de 0,5 m² (Fig. 1). A finais de ano aumentaría o número de fronde ata dez e a área ata 1 m², que se mantería en 2020.

Constitúen os primeiros rexistros para o concello.

Sanxenxo

Un novo rexistro:

- Dentro da zona de protección arqueolóxica do polígono industrial de Nantes, e sobre un bolo granítico (Con da Romaiña, 42.428, -8.811), o 27 de febreiro de 2018 E. Martínez-Sabarís identifica un grupo de *D. canariensis*. As plantas están nunha orientación norte ocupando unha superficie aproximada de 100 cm² e a unha altura aproximada de 2,5 m do chan, a 40 m s. n. m..

Constitúe o primeiro rexistro para o concello e, ademais, supón unha nova cuadrícula UTM de 10×10 km para a especie (a 29T NG19, cf. Moreno *et al.*, 2015).

Meaño

Un novo rexistro:

- O 6 de abril 2010, e sobre diferentes carballos (*Quercus robur* L.) nunha zona umbría do regato de Xil (42.456, -8.778), E. Martínez-Sabarís localizou diferentes exemplares de *D. canariensis*. Estaban a varios metros sobre o chan, e a 90 m s. n. m..

Constitúe o primeiro rexistro para o concello.

Meis

Un novo rexistro:

- E. Martínez-Sabarís comprobou tamén a presenza da especie, epífita sobre carballos (*Q. robur*) vellos, o 31 de decembro de 2019 na chamada Ruta da Pedra e da Auga (ou Ruta dos Muíños), preto do río da Armenteira, con coordenadas 42.491, -8.753 e a 60 m s. n. m..

Constitúe o terceiro rexistro para o concello.

CONCLUSIÓNS

Conclúese que a cabriña está ben estendida por case todos os concellos da comarca, o que caracteriza o Salnés como unha contorna xeográfica na que as condicións ambientais de termicidade e humidade requeridas por este fento, unha especie ecoloxicamente esixente e de carácter relicto no continente europeo, están ben estendidas. Probablemente, un maior esforzo de prospección derive en novas localidades con presenza da especie.

REFERENCIAS

- Asturnatura (2020). *Davallia canariensis*. *Distribución y poblaciones*. URL: <https://www.asturnatura.com/distribucion/davallia-canariensis.html> (con acceso: 31/12/2020).
- Fiz, M. 2019. *Davallia canariensis* (L.) Sm. Biodiversidade Ameaçada Galiza-Norte de Portugal. URL: <http://biodiversidade.eu/avistamento/davallia-canariensis-l-sm-8/> (con acceso: 31/12/2020).
- Fundación Biodiversidad & Real Jardín Botánico (2020). *Anthos*, *Sistema de información sobre las plantas de España*. URL: <http://www.anthos.es/> (con acceso: 31/12/2020).
- Garilleti, R. & Morales Abad, M.J. (1988). Asientos para un Atlas Corolóxico de la Flora Occidental. Mapa 103. *Fontqueria*, 18: 39-40.

- Global Biodiversity Information Facility (2020). *Davallia canariensis* (L.) Sm. URL: https://www.gbif.org/occurrence/map?taxon_key=4204692 (con acceso: 31/12/2020).
- Manuel, X. (2018). *Davallia canariensis* (L.) Sm. iNaturalist. URL: <https://www.inaturalist.org/observations/21982653> (con acceso: 31/12/2020).
- Moreno, J. C.; Pataro, L. & Pajarón, S. (2015). Atlas de los pteridófitos de la península Ibérica e islas Baleares. *Acta Botanica Malacitana*, 40: 5-55.
- Niño, E. (2008). *Guía dos fentos de Galicia*. Baía Edicións, A Coruña. 184 pp.
- Ortiz, S.; Rodríguez-Oubiña, S. & Pulgar, I. (1998). Unha primeira aproximación ao listado da flora rara e ameazada de Galicia (NO da Península Ibérica). *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 8: 95-101.
- Salvo-Tierra, E.; Melero-Jiménez, I. J.; García-Sánchez, J.; Báez, J. C. & Flores-Moya, A. (2020). Biogeografía analítica de la pteridoflora del Arco de Alborán: Consecuencias para su status de protección. *Acta Botanica Malacitana*, 45: 47-65.
- Touriño, A. (2017). El pazo de Rubiáns presenta su gran tesoro botánico. *Faro de Vigo*, edición 9/12/2017.



Figura 1. Cabriña *Davallia canariensis* (L.) Smith en Meloxo (O Grove) en xuño de 2019. © C. D. Romay Cousido.




Figura 2. Mapa da zona de estudo (O Sainés, fondo branco) cos novos rexistros de cabriña *Davallia canariensis* (L.) Smith (puntos negros) e citas xa publicadas da especie (puntos grises con cruz cincenta). Os cadrados negros corresponden as cuadrículas UTM de 10x10 km do Sainés, coa nova cuadrícula con presenza da especie con liña máis grosa. Claves numéricas: 1. Vilagarcía de Arousa. 2. Vilanova de Arousa. 3. A Illa de Arousa. 4. Cambados. 5. Ribadumia. 6. Meis. 7. O Grove. 8. Sanxenxo. 9. Meaño.

Táboa 1. Compilación de rexistros de Davallia canariensis (L.) Smith na comarca do Salnés. En negra, novos rexistros aportados no presente traballo. O "c." indica "aproximadamente" ou "cerca de".

| Concello | Localidade | Coordenadas | UTM (29T) | Altitude | Autor(es) (leg.) | Data | Herbario / Fonte |
|----------------------|------------------------------------------|----------------|-----------|----------|--------------------------------|------------|-----------------------------------------------------------------|
| Vilagarcía de Arousa | Ría de Arousa (=Cortegada?) | - | NH11 | - | Casares | 09/1913 | Anthos.es #1388741; MA604; Garilieti & Morales (1988). |
| Vilagarcía de Arousa | O Castrizo | 42.591, -8.773 | NH1815 | 10 m | A. Rodríguez | 05/04/1948 | Anthos.es #1388743; MA226705; Garilieti & Morales (1988). |
| A Illa de Arousa | A Illa de Arousa (centro-nordeste) | c.42.55, -8.86 | NH11 | c.10 m | A. Rodríguez | 12/04/1949 | Anthos.es #1388742; MA603; Garilieti & Morales (1988). |
| Vilagarcía de Arousa | Villajuán (=Vilaxoán) (muros) | 42.589, -8.789 | NH1715 | 0 m | E. Valdés Bermejo | 09/1968 | SANT.66628, presente traballo |
| Vilagarcía de Arousa | Villajuán (=Vilaxoán) (muros) | 42.589, -8.789 | NH1715 | 0 m | E. Valdés Bermejo | 13/10/1968 | Anthos.es #1388744; MA232265; Garilieti & Morales (1988). |
| Vilagarcía de Arousa | Villajuán (=Vilaxoán) (exposición oeste) | 42.589, -8.789 | NH1715 | 0 m | E. Valdés Bermejo | 25/12/1968 | Anthos.es #1388746; MAF71719; Garilieti & Morales (1988). |
| Vilagarcía de Arousa | Illa de Cortegada | 42.59, -8.82 | NH1718 | c.10 m | Valdés Bermejo | 25/12/1968 | Asturnatura (2019) |
| Vilagarcía de Arousa | Vilagarcía de Arousa | 42.59, -8.77 | c. NH1915 | c.15 m | G. López & E. Valdés Bermejo | 28/12/1974 | Anthos.es #1388745; MA229162; Garilieti & Morales (1988). |
| Vilanova de Arousa | Vilanova de Arousa | 42.560, -8.827 | NH1412 | 10 m | L. A. Sammartín e M. J. Toimil | 09/10/1986 | MA 382863; MAF 126-620; SANT.48655; Garilieti & Morales (1988). |
| Vilagarcía de Arousa | Rubiáns | 42.57, -8.74 | c. NH2113 | c.60 m | Colmeiro | <1988 | Anthos.es #1388750; MA163776; Garilieti & Morales (1988). |
| Cambados | Pazo de Feixiáns | 42.519, -8.813 | NH1507 | 10 m | C. R. Dacal | 06/07/1997 | SANT.37973, presente traballo |
| Meaño | Río de XII | 42.456, -8.778 | NH1800 | 90 m | E. Martínez Sabarís | 06/04/2010 | Presente traballo |
| O Grove | A Siradella | 42.469, -8.884 | NH0901 | 150 m | E. Martínez Sabarís | 07/04/2012 | Presente traballo |
| Vilagarcía de Arousa | Pazo de Rubiáns | 42.578, -8.733 | NH2114 | 75 m | M. Montoya | 09/12/2017 | Touriño (2017) |
| Sanxenxo | Con da Romalía | 42.428, -8.811 | NG1597 | 40 m | E. Martínez Sabarís | 27/02/2018 | Presente traballo |
| Meis | Armenteira | 42.471, -8.746 | NH2101 | 280 m | X. Manuel | 16/12/2018 | Manuel (2018) |
| Meis | Villar | 42.470, -8.745 | NH2201 | c.225 m | M. Fiz | 23/02/2019 | Fiz (2019) |
| O Grove | Meloxo | 42.489, -8.874 | NH1004 | 35 m | C. D. Romay Cousido | 02/06/2019 | Presente traballo |
| Meis | Ruta dos Muíños | 42.491, -8.753 | NH2004 | 60 m | E. Martínez Sabarís | 31/12/2019 | Presente traballo |